



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



DECLARACION RESPONSABLE

D./a maior de idade con DNI.....
domiciliado ennº de teléfono
..... en nome propio ou como pai/nai/ titor/a legal do menor;
.....con licenza federativa N.º

emitida pola Federación Galega de Pesca e Casting Comparezo e manifesto como mellor proceda e

DECLARO RESPONSABLEMENTE

Que teño pleno coñecemento e conciencia que a práctica do deporte da **PESCA** tanto en actividades complementarias como nas competicións implican un risco de contaxio da COVID-19, circunstancia da que son consciente e acepto.

Que **NON** presento sintomatoloxía compatible coa COVID-19 (febre superior ou igual aos 37,5 graos, tose, malestar xeral, sensación de falta de aire, perda do sentido do gusto, dor de cabeza, fatiga, dor de pescozo, dor muscular, vómitos, diarrea) ou calquera outro síntoma desta infección.

Que **NON** dei positivo, nin tiven contacto con ningunha persoa ou persoas con sintomatoloxía posible ou confirmada de COVID-19 nos 14 días inmediatamente anteriores á data na que asino este documento.

Que no caso de que fose persoa vulnerable ou convivir con persoa vulnerable acudo libremente e aceptando os riscos potencialmente graves (incluída a morte) derivados dunha posible infección

Que lin os protocolos de seguridade e as medidas informativas e de prevención de hixiene e seguridade da COVID-19 dispostas no Protocolo COVID da Federación Galega de Pesca e Casting para o desenvolvemento das súas actividades/competicións e que acepto cumprilas de maneira responsable, na súa totalidade, coas pautas de conduta e comportamento que alí se establecen, aceptando que o RESPONSABLE COVID da competición pode acordar de motu propio a miña exclusión da competición, ou do escenario deportivo, en caso de incumprilas.

Que son consciente e acepto que o incumprimento do Protocolo COVID-19, especialmente a non declaración de haber dado positivo ou non ter declarado o feito de haber tido unha relación próxima con persoas con síntomas, implica unha infracción **MOI GRAVE** do código disciplinario que pode levar como consecuencia unha sanción de exclusión da competición e a retirada definitiva da licenza federativa.

Que me comprometo a informar ao meu club e a Federación Galega de Pesca e Casting (antes de calquera actividade/competición) de calquera sintoma que sexa compatible coa COVID-19, do feito de ter dado positivo ou a existencia de calquera presunto ou confirmado caso de COVID-19 na miña contorna familiar ou achegados e comprométome a manter puntualmente informados da evolución dos mesmos aos responsables COVID do meu club/sociedade de pesca e da FGPeC.

Esta información será tratada de forma confidencial e coa exclusiva finalidade de poder adoptar as medidas necesarias para evitar o contaxio e a propagación do virus. Ao cumprimentar o presente documento, o abaixo asinante outorga o consentimento expreso para que a Federación Galega de Pesca e Casting poida facer un tratamento destes datos dende o punto de vista estritamente médico e de prevención.

Ao mesmo tempo e coa sinatura deste documento declaro **COÑECER** as medidas específicas de protección e hixiene establecidas nos protocolos do CSD, da FEPYC e da FGPeC cuxas normas son de obrigado cumprimento para os participantes nas competicións deportivas oficiais/oficiosas de pesca e casting e para tódolos clubs/sociedades de pesca afiliadas a FGPeC que participan nas mesmas.

O cumprimento das normas antes citadas é unha responsabilidade individual de cada un dos participantes e do club ou sociedade que participa na actividade/competición, sen que exista responsabilidade algunha por parte da Federación Galega de Pesca e Casting dos contaxios que con ocasión da disputa da competición se puideran producir

E para que conste aos efectos oportunos,

Asinado en a de de